

"Toda a obra de Castelao está en función da nación galega"

Felipe Senén López foi comisario da exposición *Castelao. A derradeira lección do mestre* xunto a Pilar García Negro, mostra que acolleu o Museo Provincial de Lugo no ano 2010. Tratouse dun percorrido vital no que a arte e a literatura foron mesturadas coas pegadas gráficas do activismo político de Castelao e coa defensa dos intereses de Galiza. Nesta entrevista, o especialista en Historia da Arte e arqueólogo ilústranos sobre o conxunto da obra de Castelao.

M. Obelleiro / Cilia Torna 13 abril 2017

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/toda-obra-castelao-funcion-da-nacion-galega/20170410014501056491.html>

Que lle parecen as máis de 4.000 pezas que conforman a obra artística de Castelao?

Un complemento imprescindible -cos fondos expostos ou en reserva que tamén ten o Museo de Pontevedra ou mesmo o Museo Carlos Maside do Castro de Sada, este agora nunha situación que debe normalizarse- e sempre unha fonte imprescindible para entrar nese inesgotábel Cabalo de Troia, como dicía Seoane, que é a obra de Castelao, sempre en función de Galiza.

Até que punto podemos considerar a obra de Castelao como unha auténtica crónica da Galiza da primeira metade do século XX e un auténtico fresco social do país?

Así é, e algo máis que iso. A obra creativa está fundamentada nunha ética e estética comprometidas. É arte militante, que seduce, sensibiliza e chega á xente a través dos medios, especialmente da imprenta, dos xornais. Para iso está cavilada, para reproducir e espallar. O resultado é fundamente nacionalista galego, a un tempo que moi dentro das ópticas modernistas, as de buscar a orixinalidade nas mesmas orixes, namentres outros se perdían no desenguedello orientalista e noutros ismos e movidas. E o asunto é facer o que se fixo, dignificando, fuxindo das tendencias folcloristas, "colonizadoras" ao esperpento, desde ese paso que teorizaba como "da arte dos canteiros construír o Pórtico da Gloria". A nosa achega á universalidade. "Galiza célula de universalidade" era a paráfrase coa que se encetaba o Estatuto de Autonomía do 36.

Castelao explorou diversas técnicas artísticas, véxanse os gravados en linóleo, mesmamente foi o seu introdutor en Galiza, deseños publicitarios, decorados teatrais, óleos de grande e pequeno formato ou, por suposto, a caricatura. Que representan para arte galega?

Pois velaí un logro, arte popular, para todos e para cavilar no Nós, plural, intemporal. Semente necesaria para incluír nos hórreos de bo facer do Seminario de Estudos Galegos, a mesma

semente de *A derradeira Lección do Mestre* que regaran e medra, deica chegar a nós, en mozos como Seoane ou Díaz Pardo, creadores do Laboratorio de Formas de Galicia, teoría feita praxe nas Industrias da Memoria, como as fábricas do Castro, Sargadelos, o que debía ser O Instituto Galego da Información... arredor da cerámica, adentrándose no deseño das formas... Arte para todos que nos identifique na terra e no tempo, fronte á uniformación global imperante. E o dramático é enxergar que esta lección que non prescribe pola súa necesidade de ser, esta grande achega galega fronte a unha arte ensimesmada, egoísta, de galería, de mercadeo e do consumo. Non se ten aprendido esta lección e por iso pasa o que está pasando cun Sargadelos xa sen esa cerna cultural que o diferencia do que fan e venden os chineses, por exemplo.

Vostede ten afirmado que Castelao non é un artista ao uso, a que se refire vostede con esta reflexión?

Castelao é un galego con ciencia e conciencia, con corazón e con razón, que abre e retoma camiños iniciados por Rosalía ou Murguía, faino no xeito de ser e desde un dandismo modernista, na novela, no teatro, na arqueoloxía e na etnografía, en todas as formas da arte capaces de seriarse... e, conseguintemente, na política que implica todas relacións. Castelao era un humanista integral e indicou que o nacionalismo galego era ese humanismo que implica homes e mulleres de onte e de agora, a relación da paisanaxe coa paisaxe... E toda a súa obra ten un fondo contido didáctico, eis a súas doses de sedución, algo que cómpre saber contextualizar na súa terra e no seu tempo, alicerce pois de futuro, como el fixo. Non hai un paso adiante sen o referente do paso xa dado atrás.

Que destacaría do fondo de Castelao, procedente dunha doazón de Álvaro Xil Varela, que garda o Museo Provincial de Lugo?

Son unha parte fundamental, especialmente no que se refire ao humor e á caricatura, complementaria cos fondos do Museo de Pontevedra e coas coleccións de debuxos, as *Cousas da Vida*, agora na Colección Abanca, que, por certo, deberían estar máis á vista. Para iso as fixo Castelao, legado para compartir e que dea que falar sobre o ser humano. Por algo é atinado o da declaración de Ben de Interese Cultural da obra de Castelao e o necesario labor da Fundación Castelao, mantendo o espírito galego do seu creador, inventariando a obra e espurgando falsificacións que tamén aparecen no mercado. A exposición que comisariou vostede en 2010, canda Pilar García Negro, no Museo de Lugo destacou polo seu grande éxito de público, o que demostra o interese pola obra de Castelao.

Como explica a pouca atención que se presta a obra de Castelao e as dificultades existentes para poder ver a obra?

Foi un principio, con moitos atrancos e limitacións de todo tipo, pese ao esforzo da Deputación de Lugo. Castelao merecería máis, e desde a súa óptica de dignificar canto significa Galiza, e máis neste caso a súa figura como mestre. Toda a obra de Castelao está un función da nación galega e xa quixeran para si outras nacións negadas ter semellante legado tan ideoloxizado e sedutor a un tempo. Polo tanto, existe, e de vello, unha ansia de desactivar tal antiimperialismo e unha censura sofisticada, mesmo tentando separar a estética de Castelao da súa ética, repito, radicalmente nacionalista e humanista, anticaciquil... Castelao dá para moito, e aínda despois da recente exposición do Museo de Pontevedra sobre os cen anos da chegada do rianxeiro a aquela cidade, agárdase unha grande mostra argumentada nese “Pensando en Galiza” que deu orixe ao *Sempre en Galiza*.

Recentemente presentouse no Parlamento de Galiza unha ILP que solicitaba, entre outros aspectos, a volta a Galiza do cadro *A derradeira lección do mestre*. Que opina sobre esta obra e sobre a demanda do seu retorno ao país?

Fun dos que abriu esa posibilidade, desde hai moitos anos atrás, por coñecer “in situ” a existencia desta obra de gran formato na Casa Galicia de Bos Aires. Faleino coa deputada e amiga Pilar García Negro, que tiña voz parlamentaria. *A derradeira lección do mestre* é obra sen demasiada técnica artística, case esbozada a trazos, asúmese que o importante é a mensaxe en dúas cores, ocres-terra e negros bretemosos, namentres na paisaxe que envolve os dous nenos abrazados a carón do mestre morto no chan agroman as carballas esmoucadadas. Castelao retoma esta singularísima estampa dos seus álbumes da guerra para entregala a este hoxe como un herdo. Mesmo debera entenderse esa mensaxe como unha homenaxe ao mestre Castelao morto no exilio, coa súa lección... Algo que, por outra banda, pon moi a proba, se existen de verdade aquí e na Arxentina, eses “bos e xenerosos” capaces de entender e devolver esa “derradeira lección do mestre” a onde poda ser máis eficaz. Obra que deberamos entender como un sinxelo Guernica noso e poñelo, en vez de eses reposteiros feitos non se sabe onde, na cabeceira do Presidencia do Parlamento, se non sobre o mesmo sartego de Castelao. Derradeira lección do mestre que non é máis que unha volta á torca a iso de “non dar a esquecemento da inxuria o rudo encono...”, a non tropezar na mesma pedra. Un símbolo importante da Galiza da Contemporaneidade, non tanto como a escultura de Asorei, Raza (Santa) tamén hoxe no centro Galego de Montevideo.

[Esta entrevista foi publicada no A FONDO "Castelao no Museo Provincial de Lugo, no [Sermos Galiza 221](#)]